

## Na casa do pensamento.

Alfonso Pexegueiro pecha un ciclo co seu poemario *Hipatia*

Christina Oliva

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

OLIVA, CHRISTINA. (2011 [1999]). “Na casa do pensamento. Alfonso Pexegueiro pecha un ciclo co seu poemario *Hipatia*”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 6, 16-17. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/655>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

OLIVA, CHRISTINA (1999). “Na casa do pensamento. Alfonso Pexegueiro pecha un ciclo co seu poemario *Hipatia*”. *Vento do Leste. Revista de Cultura, Arte e Sociedade*: 6, 16-17.

\* Edición dispoñíbel desde o 20 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Na casa do pensamento

## Alfonso Pexegueiro pecha un ciclo co seu poemario *Hipatia*

Christina Oliva

Licenciada en xornalismo pola U.A.B.

Alfonso Pexegueiro é un daqueles homes que transmiten confianza e unha especial serenidade ó seu interlocutor, ademais da sensación de que se está a vivir, na conversa con el, unha ocasión privilexiada, un encontro extraordinario tanto na súa sinxeleza coma na súa profundidade. Cun home que durante gran parte da súa traxectoria literaria cargou co *sambenito* de poeta maldito, e que busca sempre novas formas de expresión coa linguaxe como medida para todas as cousas da vida. Un home que non pode escribir sen denunciar a realidade de horror das sociedades occidentais, pero que nunca deixa fóra das súas palabras a utopía e a esperanza.

A causa do malditismo, a obra de Pexegueiro foi ata hai pouco máis apreciada fóra de Galicia ca na súa propia terra, da que marchou hai xa doce anos enfadado e desencantado, coma quen dá un portazo. Dende entón, vive en Cataluña e, maiormente, escribe en castelán. Tamén *Hipatia* foi escrito en castelán e posteriormente traducido ó galego dentro da colección *Ablativo Absoluto*, de Xerais. Pero para este poeta de Ponteareas o de menos é o idioma no cal escribe. **«Ás veces digo que escribo suxeito a lingua ningunha. Agárrome a unha linguaxe que non ten categoría gramatical -explica o autor- Non creo que un idioma teña uns poderes e apócemas que outros non teñen. Iso é unha suprema barbaridade porque todo idioma é un compoñente da linguaxe».**

Para Pexegueiro, un poeta é, entre outras cousas, un descubridor de mentiras, e iso non lle gusta ó poder, que controla as enormes posibilidades da linguaxe coma instrumento manipulador da conciencia, a vontade e o comportamento cotián dos cidadáns. Á dictadura non lle prestaban os poetas que non lle facían as beiras ó réxime, pero tampouco á democracia lle fan gracia este tipo de pensadores da escrita, e defendeuse deles banalizando a cultura. O que Pexegueiro chama en *Hipatia* a *«Dictadura do Superfluo»*.

A obra deste poeta pontevedrés é un importante referente polo que fai ó seu talante rupturista. El xoga cos xéneros, proba de

mesturar o mellor de cada un e cabalga sempre entre a narrativa poética e a poesía narrativa. *Hipatia* é un clarísimo exemplo. Este libro é un longo e complexo poema, nutrido de prosa poética, diálogos e pausas (marcadas tipograficamente) ademais de poesía propiamente dita. Algo que vai moito cos tempos presentes, nos que as fronteiras, as liñas entre as cousas estanse a esvaecer máis e máis. A mestura de xéneros, que Pexegueiro xa cultivaba nos anos setenta, dálle un especial ritmo de lectura ó libro, que, igual que o pensamento da Muller sen nome que protagoniza a historia contada e pensada, xira, corre, detense e revírase, volve atrás, foxe no recordo, e volve camiñar cara a adiante. E así unha e outra vez. É o libro das preguntas, segundo o define o propio autor, pero tamén o libro das dúbidas, da linguaxe e da escoita. Pexegueiro conta unha historia en *Hipatia*, pero o que comezou coma un intento de facer unha novela, acabou sendo un poemario do que se foi eliminando todo o que non era esencial.

A historia está collida polos fíos para dar maior soltura á exploración do interior, e para ofrecer espazos de liberdade ó lector. O pretexto para darlle a volta á Historia da humanidade é o que lle acontece á muller dun empresario e aristócrata francés, René Chal de Gautier, cando este marcha a Toquio en viaxe de negocios. Pero non o que acontece arredor seu, senón o que se move no seu confuso e vertixinoso interior. Dende o momento en que ela queda soa comeza a cuestionarse todo e a intentar penetrar no seu propio medo, na súa memoria de lembranzas inexistentes e esquecidas, na súa frustración e no seu baleiro existencial. Todo a partir dun primeiro interrogante: *Chal, ¿o home mata porque esquece ou porque recorda?...* A protagonista comproba que todo o mundo leva dentro de si a capacidade de traizoar e decide marchar dunha realidade que non a enchía na procura de novos territorios onde ser máis ca unha peza de museo. **«Deixa unha porta aberta porque ese novo territorio está na linguaxe que nos obriga a crear. E neste sentido, Hipatia é o libro da linguaxe afirmativa fronte ó negativo e ó resentimento, porque eu estou convencido de que existe a posibilidade de ser doutra maneira, pero non será posible ata que non acabemos co discurso da desigualdade lexitimada que goberna hoxe o mundo».**

Pexegueiro elixiu escribir a historia dende a perspectiva feminina -que non feminista- e alégrrase de telo feito, porque iso significou facelo dende o outro, dende o estranxeiro. Porque Ela é, en gran parte, a diferenza, estranxeira entre os seus semellantes, e ó final consegue facer realidade o soño de todo aquel que é diferente e vese limitado e encadeado: a liberdade. **«Hipatia no meu libro non é Hipatia. É tamén Antígona, Penélope, Electra, a raíña Xenebra, son as mulleres afganas, é a muller humillada, e é o home ó mesmo tempo. Ten esa contradicción».** O poeta galego considera de fundamental importancia saberse poñer no pelexo do outro, mesmo se este cometeu un acto violento, para evitar facer lecturas erróneas do comportamento humano. **«A violencia non está en Afganistán**



Pexegueiro e seu fillo Denis, nas Ramblas. (Foto de Lois López Rico)



nin na India, senón na mente dos homes e das mulleres. En Europa a violencia é máis refinada e a agresión colle a forma de apropiación, pero existe e está moi institucionalizada».

A muller é un símbolo múltiple dentro do libro: a vida, a terra e, sobre todo, a esperanza. No seu interior desenvólvense guerras entre o desexo e o medo. Entre os soños e o medo. Entre os recordos e o medo. Entre o que vai descubrindo de si mesma e o medo. Sempre o medo, unha obsesión moi humana, presente a cada paso no libro, xunto á memoria. Os homes son, en parte, presentados como os culpables de que as cousas sexan como son. Ou de que semellen ser así, porque Pexegueiro escribe que as cousas non son como existen. A metáfora traspasa os límites da diferenciación dos mundos feminino e masculino, e encarna a desigualdade e a inxustiza dunha humanidade que non asimila da súa historia os erros do pasado para non volvelos a cometer. **«É o momento de dar un salto da linguaxe tan grande como o que se deu cando o home empezou a falar. O salto do comportamento. Temos que facer algo co aprendido. Está moi ben seguir descubrindo, pero se despois queda achantado nun recuncho, non serve de nada».**

A obra de Pexegueiro é sempre un exercicio de sinceridade e nela a denuncia é inevitable. **«Vexo a realidade todos os días e non creo na arte pola arte. É algo absurdo e ridículo, imposible pola mesma esencia da linguaxe. Dende o momento en que falamos, manifestamos algo. Ademais, un escribe e crea para que chegue ós outros. Senón, non ten sentido. Interésame a capacidade de pensar que teñen todas as persoas, independentemente da súa condición social. E quero desenvolvelo, divulgalo, promovelos, porque todos somos humanos e deberíamos ter os mesmos dereitos».** Non só denuncia, tamén chamada a recoñecer a parte de culpa que todos temos e a facer algo por cambiar a situación do mundo actual.

Por esta maneira de ver e dicir as cousas Pexegueiro foi sempre inxustamente silenciado, por non aceptar as normas que todo o mundo acepta, e por ser moi crítico e moi ácido co mundo literario galego e español. **«Hoxe atopámonos cunha sociedade literaria ridícula, prepotente, que non ten nada que dicir. Algúns autores venden moitos libros imitando a escritores do século pasado que xa eran mediocres. Pero venden, e iso é o que importa ós editores. Eu preferín escribir como quero escribir que facerme un posto fácil na literatura galega. Unha cousa é darse xeito en contar historias e outra moi distinta dedicarte por inteiro a esto dende dentro. Eu non podo facer outra cousa, pero confeso que non é fácil. A miúdo é coma camiñar polo deserto. Pero a sociedade é coma un corsé que nos poñen, deixa poucas posibilidades de movemento. É terrible cando xa de neno che rouban a razón da túa existencia e substitúen os teus soños por mercados, por pequenas vendas. Roubarlle os soños a alguén é, para min, a maior barbaridade que se pode cometer, porque che quitan con eles a posibilidade de seguir vivindo, se non é como un autómatas. ¿Como aceptar isto? ¡Non se pode!».**

*Hipatia* é unha obra redonda que desconecta o dispositivo que intenta converter o poema en fetiche, en comercio. Neste libro o poema é texto denso que enche completamente ou non enche. **«Interésanme moito a literatura e o pensamento abertos. Non podo co pechado, as fronteiras non me van. Dentro do aberto podes despois recollerte, coa túa amada ou contigo mesmo, pero porque ti queres, non porque che poñan unha camisa de forza. Pero que permitan ter todo o espacio para saltar e**

**despois recollerte»**, declara Pexegueiro. Por iso fala de poemas de liberdade, que son coma casa coas fiestras e as portas abertas, pero casa para o pensamento. Os seus poemas teñen unha estrutura moi sólida, para que a casa non a poida derrubar o vento, xa que tamén é a casa da conciencia, vital para o ser humano.

Co seu último traballo, o poeta afirma que pecha unha etapa, que xa deu todo o que podía nos eidos nos que se moveu ata agora. Toca buscar novos vieiros e novas inquietudes dentro da literatura, xa que el é dos que cre que realmente non todo está inventado. Moitos dos seus libros non foron debidamente difundidos, como *El lago de las garzas azules*, que trata dos nenos da rúa e das inxustizas que sofren os nenos de calquera parte do mundo de man dos seus maiores. O libro pronto foi descatálogo e hoxe non se pode mercar. É, xunto con *Hipatia* e *Desatinos dun maldito*, un dos libros preferidos do autor, e mesmo considéraos axeitados para ser lidos e traballados nos institutos. A súa literatura é máis para ser escoitada que lida. **«Cando recitei poesía, todo o mundo me entendeu moito mellor que cando o leron por si mesmos. Deberíamos saber ler escoitando. É difícil, porque non nos educaron na lectura nin na escoita. A enfermidade deste século é a xordeira. Todos queren falar, pero ninguén escoita ó outro. Realmente, ¿que dicimos cando dicimos? Deberíamos afacernos a ler como pensamos, con pausas e voltas».**

Un libro interior e de extremada fermosura, que debuxa con precisión os sentimentos e o buligar da conciencia. Un poeta que non se conforma coa beleza formal e que rescata para ó lector ó máis profundo da esencia da vida.



No estudio. (Foto de Lois López Rico)